

“Pasajeros al tren... y los gallegos también”

Yoani Jartín Salgado (Asociación Amigos da Malla de Meira)

¿Cantas veces temos oído estas voces, e moitas máis, das bocas de nosos avós, nosos tíos, pais ou irmáns? ¿Cantas emigracións leva ás costas a nosa árbore xenealóxica? ¿Canto mundo levamos percorrido, e canto nos queda por percorrer?

Coma sempre e dende antano, o pobo galego é emigrante, e non por natureza, senón por obriga, porque ninguén deixaba unha familia, un lar e un entorno por vontade propia.

Brasil, Arxentina, Cuba e os Estados Unidos nos anos trinta e corenta; Alemaña, Francia, Suíza, Inglaterra ou Italia nos sesenta e setenta; Barcelona, Madrid, Valencia e Bilbao máis tarde, e Portugal e As Canarias os máis recentes destinos de emigración laboral.

A historia de Galicia está marcada polas emigracións; máis longas ou máis curtas, pero sempre fóra da casa.

Entre todos estes ires e vires de veciños e familiares polo mundo, non podemos esquecer as anuais emigracións temporais, que aínda que poida parecer lonxano, é hoxe o día que se manteñen estes temporeiros estacionais en moitos campos de produción por España adiante e tamén fóra dela. É o caso por exemplo da recollida de amorodos ou olivas en Andalucía, froita e verdura no levante da península, uva en boa parte de Navarra e A Rioxa, e incluso aqueles que organizan as viaxes para iren a Francia á vendima e así sacaren un bo salario en un ou dous meses de traballo.

Por todo isto, non debemos esquecer ós xornaleiros que partían cara Castela, en autobús, tren ou camioneta os máis afortunados, o resto

facían o camiño a pé, uníndose así aos camiños de arrieiros e formando unha ampla e diversa rede de cruces e camiños que se utilizaban con este motivo ao longo do seu percorrido.

Se “tódolos camiños levan a Roma”, son moitos máis os que levan a Castela.

Camiños coñecidos sen necesidade de indicacións, polo costume e a necesidade de ir cada ano á seitura e a malla, aproveitando o tempo e a luz do sol que lles servía para poderse guiar no tempo e no espazo, posto que o traballo non remataba ata que a posta de sol marcaba o final da xornada. Había que parar, non por non ter que facer, senón para darlle un merecido e breve descanso ao corpo, e por non ver os mollos que tiñan entre as mans e que incluso ás escuras eran capaces de atar, despois de tantos anos de experiencia. E sendo unha noite clara de luar do mes da sega (o mes de xullo), o traballo podía prolongar ao longo da noite facendo as medas cos mollos xa atados, posto que os xornaleiros cobraban por segar e mallar a facenda de trigo e centeo sementados, e non por días de traballo. Así pois, canto menos tempo empregaran en cada casarío, antes poderían voltar á casa cuns poucos cartos que axudaran a tirar pola economía do fogar durante o largo inverno.

Pero aínda que estes profesionais do cereal tivesen que estar fóra, aquí na súa terra o traballo e a vida seguía, polo que nas súas casas tamén había que mallar, pero na maioría das vilas prescindían das máquinas modernas: as famosas degranadoras de motor de vapor, ou posteriormente de



gasolina. Polo tanto o traballo seguía sendo integramente á man e o esforzo era moi superior, posto que toda a facenda de trigo, centeo, avea, etc., había que mallala cos tradicionais malles e a base de golpes contra o chan das eiras.

Para este labor xuntábanse tódolos veciños do pobo e incluso de arredores, posto que había traballo para todos e había que levalo o mellor posible facendo algo de xantar, un pouco viño, e de vez en cando algunha cantiga que animara o ambiente e axudara a tomar con bo humor as altas temperaturas esgotadoras dese mes.

Pero aínda que o traballo era duro, xuntarse para mallar tamén implicaba unha pequena festa, posto que se reunían as familias e veciños, cantábase, bailábase, e os rapaces novos aproveitaban para mocear e rondar ás rapazas ou como se dicía entón: “o fillo do ferreiro *fálalle* á filla de María de Casagrande”.



Este estival traballo e a tradición de se xuntaren os veciños para botar unha man e facer festa, motivou a actual celebración da **Festa da Malla en Meira**. Para manter un recordo vivo dunha cultura e dun patrimonio que queremos que perdure no tempo, seguir mantendo a tradición popular e que continúe enriquecendo ás novas xeracións.

Aínda que a día de hoxe estes labores agrícolas están moi mecanizados, seguimos tendo a mesma materia prima: a terra e o gran da

semente; e o mesmo obxectivo: a obtención de forraxe para os animais e de gran para facer fariña.

Fai agora quince anos, un veciño da vila de Meira mercou unha vella degranadora e un motor de gasolina, motivado polo seu gusto polas máquinas antigas e por estes labores vencellados á terra.

A súa sorpresa foi que desde que todo estivo arranxado e a acendeu, comezaron a chegar veciños motivados pola curiosidade ó recoñecer o son que estes motores producen e que servía de reclamo para avisar ó pobo de que se ía comezar a mallar.

Entre amigos e veciños fixeron que a máquina volveuse prestar o servizo de anos atrás, mallando a facenda de trigo que tiñan segada.

Despois desta sorprendente xornada de traballo e comentando o interese que espertara esta maquinaria que se cría obsoleta, acordaron que o vindeiro ano podían poñela na praza maior da vila para que tódolos

veciños as puideran ver en funcionamento.

Se na primeira vez que puxeron a funcionar a degranadora e o motor a cantidade de veciños que acudiron interesados por aquel peculiar son foi sorprendente, nesta segunda ocasión a afluencia de xente foi máis acusada. A noticia propagárase polos pobos e vilas veciñas sen ter feito ningún tipo de publicidade, somentes movidos pola curiosidade de ver de novo as máquinas de antano en funcionamento.

A partir desa segunda edición, decidiuse facer unha festa máis completa: traer música, máis máquinas e un xantar tradicional.

Entre os compañeiros de caza do propietario das máquinas, que emprestaron unha leira para poder cultivalo e axudaban nos traballos da terra, semente do trigo e sega, e a colaboración do Concello, conseguiron facer unha nova edición desta celebración na que se incluía a degranadora, o motor e unha limpadora. Conseguiron tamén emprastados un carro de madeira e unhas vacas teixas para levar o trigo á praza, onde procederon a facer a meda que máis tarde decaería pouco a pouco para dar paso ó palleiro. O gran era levado polas mulleres desde a degranadora á limpadora en cestas de talas ou en tegos, e logo da limpadora dábáselle un repaso ó gran no cribo para posteriormente gardalo en sacos.

Por outra banda, encargaron unhas cachuchas e uns chourizos cocidos, viño e pan e fixeron uns buñuelos para dispoñer o xantar. A xente sentábase baixo a alameda da empedrada e servíanse eles mesmos;





pero a previsión feita quedouse curta, posto que de ano en ano o número de visitantes aumentaba considerablemente.

Conseguiron tamén que uns amigos que tiñan un grupiño de música acudiran a amenizar a festa, e así, á noitiña, logo de rematar o traballo, bailaron todos na praza ata que as cancións comezaron a saír das súas gorxas sen necesidade de música nin instrumentos, ó igual que tiñan feito corenta ou cincuenta anos antes cando algúns eran mozos e outros aínda eran nenos.

Así, desde o ano 1992 que comezou esta festa por casualidade ata o actual 2006, esta peculiar celebración foi medrando en número de asistentes e tamén variando o seu contido, pero respectando sempre a esencia e a tradición.

A elaboración dos pratos para xantar é artesanal, posto que os veciños e integrantes da asociación son os encargados de cociñar e compoñer os alimentos nos pratos e repartilos xunto co pan e o viño. Fan e distribúen buñuelos entre os asistentes e elaboran a queimada que se serve pola noite e que axuda a escorrentar o frío nas noitiñas frescas do final de agosto. Este ano incluíuse tamén unha mostra de motores de malladoras e maquinaria antiga, e como novidade, outra de artesanía, ademais de encher o día de distintas actuacións musicais.

Agora a festa está organizada polos integrantes da Asociación que vela pola conservación e continuidade da mesma, axudados polos veciños dispostos a botar unha man e sen os cales sería imposible sacala adiante.

A Asociación naceu en febreiro de 2005 e encargouse da organización da festa nestas dúas últimas edicións.

Está aberta a incorporación de novos socios que queiran axudar a sacar esta celebración adiante, posto que é moi laboriosa e implica em-

pregar varios días completos na súa organización.

É complicado que a xente estea disposta a sacar a festa adiante, posto que a maioría das persoas están de vacacións nesas datas, e resulta difícil atopar voluntarios que queiran modificar os seus días de descanso por días de moito traballo, e máis se temos en conta que non está remunerado. O único proveito que se saca é ver que a festa saíu ben, que ós asistentes lles gustou e que un ano máis se puido conservar esta tradición.

Por ese motivo se loitou tanto coa administración, tratando de cumprir os requisitos e condicións que impuñan para declarala "Festa de Interese Turístico de Galicia"; para que se recoñeza o seu valor e para tratar de que se manteña no tempo como patrimonio cultural que herdamos e que nos pertence a todos.

A Asociación naceu coa intención de que a festa non se perda, e organizar o traballo de maneira que non haxa que comezar de cero cada ano. Por exemplo, tódolos anos se poñen en contacto con ela varias asociacións galegas e asturianas, que viaxan de forma organizada, para facer reserva de pratos para o xantar. O mesmo ocorre cos temas publicitarios, que despois de dous anos de contactos son os propios pro-



fesionais os que acoden á asociación para ofrecer os seus servizos. Tamén os provedores, artesáns, prensa, radio ou televisión.

A Asociación trata de que e os estamentos oficiais lle aporten algunha axuda para así poder facer mais asequebeis os produtos que se

poñen á venda na festa posto que a Asociación non ten ánimo de lucro.

A día de hoxe a Asociación está composta por 21 socios, dos cales 4 son vocais, 1 tesoureira, 1 secretaria, 1 vicepresidente e 1 presidente.

De tódolos xeitos, tanto a festa como “os amigos da malla”, deben

moito ós veciños porque sen eles a festa non sairía a diante. Por este motivo a Asociación débellelles gratitude e respecto, e esperamos que algún día lles poida devolver o favor ós que están, e ós que non están que saiban que non os esquecen.